

Vigo, 11 de setembro de 2023

CIRCULAR INFORMATIVA Nº 1/2023 ÁS FAMILIAS DO ALUMNADO

1. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Actividades extraescolares: A partir do día un de outubro comezarán as actividades extraescolares previstas no colexio, no horario que figura na programación das mesmas (para calquera dúbida dirixirse ao ANPA). A aula matinal comezará o día 12 de setembro en horario de 8 a 9.

Comedor: o día 11 de setembro comeza o servizo de comedor. Empresa: Aramark

Nos casos de dietas especiais por intolerancia ou alerxia deberase entregar informe médico.

As ausencias deberán ser comunicadas á secretaría do centro ou a través do correo do centro (cep.fleming@edu.xunta.gal) sempre antes das 09:55 horas para non ter que facer nin facturar o menú. Ademais avisarase ao titor/a por medio das vías de comunicación establecidas cos mesmos.

Os cambios de menús por dietas brandas puntuais avisaranse tamén antes das 09:55.

Avisade sempre aos vossos fillos/as cando non queden a comer, e ás titoras dos máis pequenos para a súa correcta colocación nas filas de baixada.

O alumnado de 5º e 6º pode ser autorizado a saír sen supervisión familiar con/sen irmáns pequenos (previa autorización por escrito entregada na secretaría) unicamente ao finalizar as clases (14:00) ou logo do servizo de comedor ou actividades. (Ler máis sobre seguridade no punto 7)

2.- CALENDARIO ESCOLAR. O Claustro propón os días 13 de outubro e 20 de maio como non lectivos, pero está pendente dunha reunión entre os colexios de Vigo para acordar unha data aceptada maioritariamente, e aprobalas no Consello Escolar. Está na web copia do calendario escolar e a orde que o regula.

3.- AVALIACIÓNS

1º AVAL.	luns 11/12 de 1º ciclo e 5º Martes 12/12 de 2º ciclo e 6º	69	Boletíns 21/12
2º AVAL.	Luns 11/03 de 2º ciclo e 6º Martes 12/03 de 1º ciclo e 5º	58	Boletíns 22/03
3º AVAL.	Despois do 21 de xuño	56	Boletíns 21/06

4.- VISITAS E ENTREVISTAS

□ Titorías

As entrevistas individuais cos titores terán lugar os martes, en horario de 16:00 a 17:00 horas. As reunións levaranse a cabo na aula do/a alumno/a.

Para proporcionarlles unha mellor atención, as entrevistas deben ser concertadas con antelación, por medio sistema de mensaxería ABALAR, e-mail ao titor/a ou por escrito. Nos casos de urxencia e/ou imprevistos deben acudir directamente á Secretaría do Colexio.

□ Reunións xerais.

CURSO	DATA	HORA	LUGAR
1º	19/09/2023	17:00 TITORES E ESPECIALISTAS	USOS MÚLTIPLES
2º	19/09/2023	16:00 TITORES E ESPECIALISTAS	USOS MÚLTIPLES
3º	26/09/2023	17:00 ESPECIALISTAS 17:30 TITORES	USOS MÚLTIPLES AULAS
4º	26/09/2023	16:30 ESPECIALISTAS 17:00 TITORES	USOS MÚLTIPLES AULAS
5º	26/09/2023	16:00 ESPECIALISTAS 16:30 TITORES	USOS MÚLTIPLES AULAS
6º	19/09/2023	18:00 ESPECIALISTAS 18:30 TITORES	USOS MÚLTIPLES AULAS

□ Visitas ós membros do equipo directivo

Directora: Luns, Martes, Xoves e Venres de 09:00 a 09:50 horas.
 Xefa de estudos: Luns, Martes, Mércores e Venres de 13:10 a 13:50 horas.
 Secretaria: Martes, Mércores, xoves e venres de 09:00 a 09:50 horas.

□ Administración e servizos

Secretaría: Todos os días de 09:00 a 14:00.
 Comedor: (Altas, baixas e incidencias) Tódolos días de 09:00 a 10:00 horas.

5.- ANPA

O horario é de 9:15 a 9:45 no espazo destinado a tal fin os luns, mércores e venres.

O teléfono directo no colexio é 886 120901, e o MÓBIL 604 065020, correo fleming.anpa@gmail.com

6.- FALTAS DE ASISTENCIA E/OU PUNTUALIDADE

Cando, por calquera motivo, o alumnado teña que faltar a clase ou chegar tarde deberán comunicarllo aos tutores e xustificalo mediante o modelo entregado nas Secretaría/titorías, que poderán enviar polo propio alumnado, ou polo sistema de comunicación oficial AbalarMobil.

As portas do Centro quedarán pechadas ás 09:05 horas, o alumnado que chegue máis tarde terá que vir acompañado por un adulto. O alumnado pasará por secretaria acompañado do adulto e cubrirá o papel xustificante que entregará ao/a seu/súa titor/a. A reiteración das faltas de asistencia e puntualidade serán susceptibles da aplicación das medidas recollidas pola Xunta de Galicia no protocolo para a prevención do absentismo escolar.

7.- SEGURIDADE DOS ESCOLARES, E COMEDOR

Os familiares e demais acompañantes do alumnado non poderán acceder ás aulas, corredores ou patios sen a debida autorización dalgún membro do equipo directivo, desta autorización terá que estar informado o profesor interesado.

O alumnado será recollido nas instalacións do centro educativo polas persoas identificadas como responsables no horario fixado. Poderase autorizar formal e expresamente a outra persoa adulta ou a un irmán/á que curse 5º, 6º Educación Primaria ou ESO a recoller aos pequenos, cubrindo unha ficha cos datos persoais da persoa autorizada e entregando no centro de ensino. Seguindo a instrución conxunta 9/2017.

No suposto de pais e nais separados ou divorciados, seguirase as determinacións previstas na sentenza xudicial, convenio regulador ou acordo provisional que terán que presentar no colexio.

O alumnado permanecerá custodiado no centro o tempo que en cada caso se considere prudencial, a partir do horario de recollida fixado. Os responsables da recollida dos nenos/as terán obriga de comunicar ao centro calquera demora que poidan sufrir, de non contactar con eles nun período de 15 minutos, remitirase as autoridades competentes.

En todo caso, os escolares non poderán ausentarse do centro antes da hora prevista para as distintas saídas, agás que os seus responsables así o comuniquen de xeito motivado no centro, e recollan o alumnado eles mesmos ou persoas autorizadas.

PARA UNHA MELLOR SUPERVISIÓN NO COMEDOR organizárase a entrega a partir de 14:45, para 1º e 2º EP (porta Patio 1) e a partir das 15:00h o alumnado de 3º a 6º (Patio 2), se tedes que recollelos antes avisade e o faredes pola porta do comedor na rúa Romil. É importante tamén non esquecer que a hora tope da recollida do alumnado á saída do comedor é ás 15:55 horas, xa que ademais de poñer en risco a seguridade do alumnado a reiteración no incumprimento da obriga de facerse cargo da recollida do usuario no horario previsto podería ser causa de exclusión do servizo de comedor, tal e como figura no regulamento do mesmo.

Lémbrese que, nas actividades da tarde, o desprazamento entre os patios e o colexio é responsabilidade das familias, agás no caso do alumnado de comedor que teña actividades que se realicen no centro ás 16:00 horas.

8.- ACCESO AO CENTRO EN HORARIO DE TARDE

Os martes de 16:00 a 17:00 h. son os días en que as familias, previa cita co profesorado correspondente, poden acceder ás aulas dos seus fillos.

O resto dos días o acceso ao Centro en horario de tarde só está permitido para os monitores e o alumnado que realiza ese día e a esa hora algunha actividade extraescolar. A entrega e recollida do alumnado debe facerse nas portas de entrada ao colexio.

Lembrar que o profesorado que supervisa as actividades extraescolares das tardes non dispón de chaves para abrir as aulas, polo que aqueles alumnos que deixaron algunha cousa nas mesmas deberán recollela cando se inicie a seguinte xornada escolar.

9.- ATENCIÓN SANITARIA DOS ESCOLARES

En caso de accidente no horario escolar porase de inmediato en coñecemento da familia para proceder segundo sexa o caso coa maior axilidade posible (lembrede ter sempre os datos actualizados). O alumnado está cuberto pola asistencia médica familiar.

Está totalmente prohibido a venda, publicidade, distribución e consumo de tabaco, bebidas alcohólicas e calquera outra sustancia tóxica no interior das dependencias do Centro.

10.- AXUDAS PARA O ALUMNADO CON NECESIDADE DE APOIO EDUCATIVO

Información e acceso dende a Web do colexio. O prazo remata o 30 de setembro.

11.- TEMA ROUPA. POÑEDE O NOME NUN LUGAR VISIBLE DA ROUPA PARA ENTREGALA NAS TITORÍAS AO ALUMNADO QUE A PERDA.

De non localizar o dono a roupa será enviada ao contedor situado fora na rúa Ourense, a fin de mes.